

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM01	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0543	Documentación técnica	2024/2025	7	140	140
MP0543_12	Elaboración de documentación técnica	2024/2025	7	90	90
MP0543_22	Elaboración de proxectos de fabricación	2024/2025	7	50	50

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	IRIA ENDRINO IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O marco que da soporte á programación basease na Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024-2025, que no seu apartado Primeiro dispón: Obxecto e ámbito de aplicación. Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no ano académico 2024-2025 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción aplicada aos procesos de preparación, mecanizado, montaxe e acabamento.

A documentación técnica do proceso de fabricación asociada á función de produción abrangue aspectos como:

Elaboración de documentación gráfica para o proceso de fabricación.

Elaboración e interpretación de procesos de fabricación.

Asignación dos recursos necesarios a cada operación.

Elaboración da memoria do produto, onde se recollen aspectos fundamentais.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

Selección dos procesos de fabricación á medida en carpintaría e moble.

¿ Valoración das posibles solucións de fabricación.

¿ Asignación dos recursos necesarios a cada operación.

¿ Elaboración da memoria técnica do produto.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), e), f), h), j), l), m) e n) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), e), f), h), j), l) e m).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

Toma de datos de espazos para os que cumpra fabricar un elemento ou un conxunto á medida, adoptando as solucións construtivas máis adecuadas para cada caso, e realizar planos completos do conxunto, utilizando programas de deseño asistido por computador en dúas e en tres dimensións.

Realización de procesos de fabricación de conxuntos de carpintaría e moble, asignando os recursos materiais e humanos necesarios para cumprir as especificacións.

Elaboración de memorias onde se resuman os datos máis salientables do proxecto, dando unha visión xeral do produto, o seu proceso de fabricación e o seu orzamento ou a súa valoración.

Un aspecto importante a ter en conta a hora de concretar o currículo na programación didáctica para que esta se adecúe ao sistema produtivo é o da realidade empresarial.

En xeral trátase de un sector caracterizado pola súa reducida dimensión, atomización empresarial e que se trata de unidades de carácter familiar e autónomo (o 90% son fábricas artesanais que non acadan os catro traballadores); predomina a diversificación da produción fronte a especialización nun so produto, a produción a medida é a tónica dominante. Por último destacar o déficit de persoal cualificado en todas as categorías da actividade.

Con respecto as características do sector no concello de Santiago de Compostela, indicar que se trata dun Sistema Produtivo Local; case que todas as parroquias de Santiago de Compostela contan con algunha industria relacionada coa madeira (prácticamente están representadas todas as actividades ligadas ao traballo da madeira), e o subsector do moble representa máis do 50% das empresas do sector da transformación da madeira (aínda que se temos en conta que moitas das carpinterías e artesáns teñen uns niveis de produción e especialización dentro do subsector do moble este porcentaxe incrementábase substancialmente).

O perfil profesional determínase pola competencia xeral, polas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, polas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Este perfil profesional evoluciona cara a un maior protagonismo na toma de decisións vinculadas ao control de procesos de produción cada vez máis automatizados, ademais do desempeño de funcións en áreas como a planificación, o mantemento, a calidade e a prevención de riscos laborais, especialmente en pequenas empresas.

A incorporación de novos materiais e tecnoloxías, particularmente nos procesos de mecanización e acabados, xunto coas exixencias normativas en materia de calidade e protección ambiental, implicará a substitución de equipos convencionais por outros máis avanzados, así como a adaptación ou transformación dos procesos e sistemas produtivos.

A internacionalización dos mercados levará ás empresas a dar prioridade ao deseño, á xestión de provedores e á loxística, empregando a imaxe de marca como unha vantaxe competitiva. Isto resultará na redución dos prazos de renovación de produtos e no incremento do dinamismo dos procesos industriais.

O currículo concrétese nos resultados de aprendizaxe, nos criterios de avaliación e nos contidos específicos, todos eles aliñados co ámbito produtivo no que se desenvolverá o profesional

Ao respecto do recollido na memoria do anterior curso escolar levaranse a cabo aquelas propostas de mellora a implantar neste curso especificadas na mesma.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	ANÁLISE DE ESPAZOS E INSTALACIÓN. REALIZACIÓN DE PLANOS.	Introducción ao Autocad para a elaboración de planos en planta de espazos arquitectónicos. Identificación de instrumentos para a toma de datos que se utilizarán no levantamento de espazos arquitectónicos para a instalación de produtos de carpintería e moble. Ademais, identificaranse e teranse en conta as instalacións eléctricas, de fontanería e saneamento que puideran aparecer no espazo arquitectónico e manexáronse programas informáticos en 3d para a representación de espazos arquitectónicos.	20	13
2	AVALIACIÓN DE SOLUCIÓNS CONSTRUCTIVAS DO PRODUTO.	Coñecer as dimensións, materiais e solucións constructivas utilizadas na industria da carpintería e o moblel.	18	12
3	ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE ELEMENTOS DE CARPINTERÍA E MOBLE I.	Seguir os pasos do deseño do moble e comprobar o modelado rápido en Skepchup ao mesmo tempo que se realiza a optimización para determinar cantidade de material necesario.	22	15
4	ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE ELEMENTOS DE CARPINTERÍA E MOBLE II.	Coñecer e aplicar determinados programas de deseño gráfico que nos permiten e facilitan a realización da documentación para a fabricación en 2D e 3D.	30	20
5	PROCESOS DE FABRICACIÓN.	Realización do organigrama e procesos produtivos das pezas de mobiliario.	30	20
6	PROXECTO DE FABRICACIÓN.	Realizar documentación que aínda que complementaria é imprescindible para realizar proxectos de mobiliario, tales como son as memorias e o orzamento.	20	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	ANÁLISE DE ESPAZOS E INSTALACIÓN. REALIZACIÓN DE PLANOS.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Compila información para a fabricación á medida de carpintería e moble, tendo en conta a relación entre as necesidades presentadas e as posibilidades de execución.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Compilouse e analizouse a documentación técnica existente do espazo onde vaia localizar o produto requirido.
CA1.2 Identificáronse as instalacións existentes no lugar da toma de datos (electricidade, fontanaría, etc.).
CA1.3 Seleccionáronse os instrumentos e os utensilios necesarios para a toma de datos.
CA1.4 Utilizáronse os instrumentos de medición para a toma de datos.
CA1.5 Realizouse un esbozo do lugar onde se vaia localizar o produto requirido, e anotáronse con precisión os datos salientables.
CA1.6 Elaboráronse planos a escala do espazo onde se vaia localizar o produto requirido.
CA1.7 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA1.8 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA1.9 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos e presentáronse debidamente pregados e encadernados.
CA1.10 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA1.11 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA1.12 Demostrouse destreza na execución dos planos.
CA1.13 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e comprensión do debuxo.
CA1.14 Representáronse espazos arquitectónicos en Autocad 2D .
CA1.15 Demostráronse os coñecementos para a compilación da información para a fabricación á medida de carpintería e moble, tendo en conta a relación entre as necesidades presentadas e as posibilidades de execución.

4.1.e) Contidos

Contidos
Instrumentos e utensilios para a toma de datos.
Técnicas de medición e toma de datos.
Debuxo de esbozos a man alzada.
Realizáronse debuxos en Autocad 2d .

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	AVALIACIÓN DE SOLUCIÓNS CONSTRUCTIVAS DO PRODUTO.	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía solucións construtivas de fabricación, e describe a solución adoptada en función dos recursos dispoñibles.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizáronse os procesos de fabricación que interveñen nun produto.
CA2.2 Consideráronse as máquinas, os equipamentos e as ferramentas principais para levar a cabo os procesos de fabricación.
CA2.3 Comprobáronse os elementos de fabricación estandarizados.
CA2.4 Valorouse a oportunidade de subcontratar procesos.
CA2.5 Tívoise en conta a serie de fabricación.
CA2.6 Elixíuse unha solución que reduza o uso de materiais que xeren residuos perigosos.

Criterios de avaliación
CA2.7 Elixíuse unha solución con criterios de eficiencia ecolóxica.
CA2.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA2.9 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA2.10 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA2.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA2.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos
CA2.13 Elexíronse os materiais a avaliáronse as necesidades de cada tipo.
CA2.14 Demostráronse os coñecementos para avaliar solucións construtivas de fabricación, e describe a solución adoptada en función dos recursos dispoñibles.

4.2.e) Contidos

Contidos
Compras e abastecemento de materiais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE ELEMENTOS DE CARPINTARÍA E MOBLE I.	22

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentación gráfica de conxuntos para a fabricación de carpintería e moble utilizando aplicacións de deseño asistido por computador, en dúas e tres dimensións.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionouse o sistema de representación gráfica máis adecuado para representar o conxunto, dependendo da información que se queira amosar.
CA3.2 Obtivéronse perspectivas do espazo da fabricación empregando programas de deseño asistido por computador.
CA3.3 Elixíuse a escala en función do tamaño dos obxectos que cumpra representar.
CA3.4 Representáronse vistas do conxunto ou subconxunto necesarias para a montaxe.
CA3.5 Representáronse os detalles identificando a súa escala e a posición no conxunto.
CA3.6 Representáronse despezamentos do conxunto.
CA3.7 Identificouse o plano coa súa información característica.
CA3.8 Imprimíronse e pregáronse os planos de acordo coas normas de representación gráfica.
CA3.9 Utilizáronse programas de deseño asistido por computador.
CA3.10 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA3.11 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA3.12 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA3.13 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos
CA3.14 Demostrouse destreza na execución dos planos.
CA3.15 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo.
CA3.16 Demostráronse os coñecementos para elaborar documentación gráfica de conxuntos para a fabricación de carpintería e moble utilizando aplicacións de deseño asistido por computador, en dúas e tres dimensións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Interpretación de planos de fabricación.
Normas de debuxo industrial.
Planos de conxunto e despezamento.
Deseño asistido por computador.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE ELEMENTOS DE CARPINTARÍA E MOBLE II.	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentación gráfica de conxuntos para a fabricación de carpintería e moble utilizando aplicacións de deseño asistido por computador, en dúas e tres dimensións.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionouse o sistema de representación gráfica máis adecuado para representar o conxunto, dependendo da información que se queira amosar.
CA3.2 Obtivéronse perspectivas do espazo da fabricación empregando programas de deseño asistido por computador.
CA3.3 Elixíuse a escala en función do tamaño dos obxectos que cumpra representar.
CA3.4 Representáronse vistas do conxunto ou subconxunto necesarias para a montaxe.
CA3.5 Representáronse os detalles identificando a súa escala e a posición no conxunto.
CA3.6 Representáronse despezamentos do conxunto.

Criterios de avaliación
CA3.7 Identificouse o plano coa súa información característica.
CA3.8 Imprimíronse e pregáronse os planos de acordo coas normas de representación gráfica.
CA3.9 Utilizáronse programas de deseño asistido por computador.
CA3.10 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA3.11 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA3.12 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA3.13 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos
CA3.14 Demostrouse destreza na execución dos planos.
CA3.15 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo.
CA3.16 Demostráronse os coñecementos para elaborar documentación gráfica de conxuntos para a fabricación de carpintería e moble utilizando aplicacións de deseño asistido por computador, en dúas e tres dimensións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Compras e abastecemento de materiais.
Procesos de fabricación.
Máquinas, equipamentos e ferramentas.
Interpretación de planos de fabricación.
Normas de debuxo industrial.
Planos de conxunto e despezamento.
Deseño asistido por computador.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	PROCESOS DE FABRICACIÓN.	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona procesos para a fabricación de carpintaría e moble, e xustifica a secuencia de operacións e os recursos establecidos.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñecéronse os procedementos de fabricación que interveñen en carpintaría e moble.
CA1.2 Relacionáronse os principais procedementos de mecanizado, montaxe e acabado coas operacións necesarias para os levar a cabo.
CA1.3 Estableceuse a secuencia das operacións que cumpra realizar.
CA1.4 Asignouse a maquinaria necesaria para cada operación.
CA1.5 Fíxose a distribución temporal das operacións para a elaboración do conxunto.
CA1.6 Relacionáronse os aspectos de seguridade e hixiene co proceso.
CA1.7 Tivéronse en conta criterios de eficiencia ecolóxica para a selección dos procesos.
CA1.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA1.9 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA1.10 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

Criterios de avaliación
CA1.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA1.13 Demostráronse os coñecementos para seleccionar procesos para a fabricación de carpintería e moble, e xustifica a secuencia de operacións e os recursos establecidos e para elaborar documentación de proxectos de fabricación de carpintería e moble, e redacta memorias, utilizando ferramentas informáticas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Diagrama de procesos.
Maquinaria en procesos de fabricación.
Temporalización de procesos.
Documentación técnica para a fabricación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	PROXECTO DE FABRICACIÓN.	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Valora solucións de fabricación de produtos de carpintería e moble, e elabora orzamentos mediante a utilización de follas de cálculo.	SI
RA3 - Elabora documentación de proxectos de fabricación de carpintería e moble, e redacta memorias descritivas, utilizando ferramentas informáticas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Manexáronse e interpretáronse tarifas.

Criterios de avaliación
CA2.2 Realizáronse medicións estimando o desperdicio segundo os materiais.
CA2.3 Calculáronse os custos fixos de fabricación.
CA2.4 Calculáronse os custos variables de fabricación.
CA2.5 Consideráronse as marxes comerciais.
CA2.6 Utilizouse un programa informático para a elaboración de orzamentos.
CA2.7 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA2.8 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA2.9 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA2.10 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA2.11 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA2.12 Realizáronse documentos de proxecto, tales como memorias e orzamentos e maquetouse o proxecto para a súa impresión e gardouse en dixital.
CA3.1 Definiuse o obxecto do proxecto.
CA3.2 Valoráronse os antecedentes.
CA3.3 Xustificouse a solución proposta.
CA3.4 Valoráronse os criterios de xestión sustentable dos recursos.
CA3.5 Indicáronse as características básicas e as calidades dos materiais que se vaian utilizar.
CA3.6 Definiuse o tipo de acabado que cumpra realizar.
CA3.7 Indicáronse as normas de seguridade e hixiene ligadas á fabricación do obxecto proxectado.

Criterios de avaliación
CA3.8 Elaboráronse documentos utilizando ferramentas informáticas.
CA3.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA3.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA3.11 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos e presentáronse debidamente pregados e encadernados.
CA3.12 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA3.13 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA3.14 Demostrouse destreza na execución dos planos.
CA3.15 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e comprensión do debuxo.
CA3.16 Elabora documentación de proxectos de fabricación de carpintería e moble, e redacta memorias descritivas, utilizando ferramentas informáticas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Medicións.
Cálculo de custos.
Manexo de folia de cálculo.
Realización de orzamentos.
Estrutura dun documento-proxecto de fabricación.
Descrición de características de produtos.
Ferramentas informáticas de aplicación.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de cualificación para cada avaliación segundo o peso dado aos instrumentos de avaliación, criterios de avaliación, e de ser o caso, das UD, son os seguintes:

60% Probas escritas/Exames.

Realizaránse as probas pertinentes segundo os mínimos esixibles, os criterios de avaliación e os resultados de aprendizaxe a lograr establecidos en cada unha das unidades formativas.

Os exames poden conter: preguntas curtas, preguntas test ou exercicios de propostas de deseño de carpintería ou mobiliario desenrolados a man alzada ou en programas de deseño asistido por ordenador en 2D ou 3D.

Os exames cualificaranse de 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética das notas dos exames realizados na correspondente avaliación.

40% Tarefas propostas ou supostos prácticos expostos.

As tarefas realizaranse e entregarán en prazo a fixar pola profesora na aula VIRTUAL e posteriormente serán cualificadas por parte da mesma. As tarefas que se entreguen fora de prazo cualificaranse á metade. No suposto de tarefas de deseño, valorarase:

A orixinalidade no deseño e o volume de traballo desempeñado para o desenvolvemento da tarefa.

A forma de constatar os coñecementos, aptitudes e capacidades que, sobre a materia, debéronse alcanzar.

O nivel de cumprimento dos diferentes aspectos expresados no enunciado da tarefa proposta, así como as indicacións ou precisións que respecto diso puidese fixar a profesora.

O rigor e a exactitude dos datos reflectidos (sexan gráficos ou non).

A claridade, a orde e a limpeza da documentación elaborada.

A destreza na técnica gráfica empregada.

Para poder aprobar a avaliación será necesario ter entregadas a totalidade das tarefas esixidas para cada avaliación.

As tarefas serán cualificadas de 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética das notas das tarefas propostas na correspondente avaliación.

NOTA FINAL AVALIACIÓN = 60% exames + 40% tarefas

Para superar cada unha das avaliacións trimestrais o alumno terá que obter unha nota de 5 puntos. Unha vez obtida a nota de cualificación, cualificarase a avaliación cun valor numérico sen decimais entre 1 e 10, redondeándose á cifra enteira mais próxima.

Para que a cualificación final do módulo resulte positiva, será imprescindible a cualificación positiva, e dicir igual ou superior a 5. A nota final do módulo será a media aritmética das notas das avaliacións trimestrais, redondeándose á cifra enteira mais próxima.

O alumnado que durante a realización dunha proba escrita ou da realización dunha práctica realizase calquera acto de copia, suplantación ou cambio da proba ou proxecto, obterá no grupo correspondente, unha puntuación de 1, tanto nas probas escritas como nos proxectos ou prácticas, e a sanción afectará a todos os estudantes involucrados. A reprodución total ou parcial con calquera material incluído ou extraído da Internet en prácticas, considerarase copia.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non aproben unha avaliación trimestral, farán recuperación da mesma despois da entrega de notas. Esta recuperación terá forma de proba escrita/ exame.

Na proba final de recuperación o alumno terá que recuperar as avaliacións trimestrais que non tivera aprobadas con anterioridade. A recuperación terá forma de proba escrita/exame.

Unha vez realizadas as probas de recuperación, realizarase a cualificación final do módulo, segundo os mesmos criterios de cualificación (ponderación das notas das probas escritas/exames e tarefas, cálculo da cualificación final, etc.) recollidos no apartado 5 da programación, en función do peso dado aos instrumentos de avaliación, criterios de avaliación, e der o caso, das UD.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que, por acumulación de faltas de asistencia, perdan o dereito a avaliación continua, realizarán unha proba extraordinaria final, que incluírá preguntas de desenvolvemento e supostos prácticos versados nos contidos e procedementos desenvolvidos en cada avaliación. Este exame cualificarase de 0 a 10 e será necesario obter unha puntuación de 5 ou superior para poder superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións mensuais do departamento de madeira entregarase o seguimento do cumprimento da programación. No suposto de que existan desviacións da mesma especificaranse as causas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Adoptaranse as medidas acordadas polo equipo docente do ciclo formativo e o departamento de madeira, tras a sesión de avaliación inicial do Ciclo formativo.

O procedemento seguido neste módulo é o de realizar unha proba gráfica manual/ dixital baseada no desenvolvemento dun ensamble de pezas de madeira.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, e nos casos en que o profesor ditamine, se propondrá ao alumno que o necesite, realizar prácticas e traballos de reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Como parte dunha educación integral do alumno, incidirase tamén nunha educación en valores que reforce aspectos como a igualdade, a tolerancia e o respecto entre os membros da comunidade educativa.

En concreto no módulo refórzanse aspectos tales como:

Aspectos de igualdade.

Aspectos de impacto medioambiental.

Deseño para todos.

Xestión de residuos e Seguridade no traballo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares realizaranse segundo as establecidas para este curso polo departamento de madeira.

10.Outros apartados

10.1) Unidades formativas

O módulo consta de dos unidades formativas das que a primeira se refire a elaboración de documentación técnica e a segunda a elaboración de proxectos de fabricación. Este módulo, desenvólvese na súa totalidade no centro educativo.

10.2) Avaliación Inicial

O procedemento seguido neste módulo é o de realizar unha proba gráfica manual/ dixital baseada no desenvolvemento dun ensamble de pezas de madeira.